



## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

### AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

#### NORMA:

**ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/2021 (código de procedemento ED330B) (*Diario Oficial de Galicia do 19 de maio de 2020*).**

#### DESTINATARIOS:

- FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO 3º e 4º de Ed. Primaria
- AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO 1º e 2º de Ed. Primaria
- AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR Todo alumnado con renda inferior 6000 € (situación familiar ata 31 de decembro de 2018)
- ALUMNADO EDIXGAL 5º e 6º de Ed. Primaria  
(só poderá solicitar Axudas de material nos casos en que corresponda porque non usarán libros de texto polo que **NON presentarán solicitudes para libros**)

### PRAZOS ESTABLECIDOS POLA CONVOCATORIA (LÍMITES)

<u>Presentar solicitudes</u>	Do 20 de maio ao 19 de xuño (ou 1 mes dende a matrícula, como máximo 31 marzo 2021)
<u>Devolver libros</u> curso 19/20 <sup>1</sup>	Máx. 07 xullo. Expedirase documento de recollida, se o solicitan
<u>Gravar solicitudes</u> e emendas	Data límite o 9 xullo 2020
Publicar <u>listaxes provisionais</u>	Data límite o 10 xullo 2020
Gravar resultado <u>reclamacións</u>	Data límite o 19 xullo 2020 (2 días hábiles seguintes do listado provisional de admitidos e excluídos)
Publicar <u>listaxes definitivas</u>	Data límite o 20 xullo de 2020
<u>Entregar</u> libros curso 20-21	Ao inicio curso previa sinatura do Documento de entrega

<sup>1</sup> Para a devolución de libros do alumnado que cursou 3º e 4º de Educación Primaria no curso 2019-20, mandarase un abalar concretando as circunstancias da recollida.

## FORMA DE PRESENTACIÓN

Na convocatoria actual, igual que no curso anterior, os cidadáns poderán realizar a solicitude accedendo á aplicación **Fondolibros** (<https://wwwwww.edu.xunta.es/fondolibros>), e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude e o **anexo II** e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación pertinente
- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. (Usando calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica)

Recomendamos que as solicitudes se cubran na aplicación **Fondolibros** aínda que as acaben presentando posteriormente no centro posto que esa será a mellor maneira de que todos os solicitantes coñezan o código xerado, necesario para comprobar o estado da súa solicitude no momento en que se publiquen os listados de admitidos e excluídos. Do contrario, terán que vir a consultalos ao tablón interno do centro que será o único lugar físico posible de publicación oficial.

## RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

A renda per cápita da unidade familiar será a correspondente ao exercicio fiscal 2018 dividido entre o número de membros computables.

Renda da unidade familiar do exercicio fiscal **2018**<sup>2</sup> base impoñible xeral **435+** aforro **460**

$\frac{\text{Renda unid. familiar exercicio fiscal 2018}}{\text{Núm. de membros computables}^1}$
--

Teremos en conta as seguintes casuísticas:

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018, sumaranse a base impoñible xeral (recadro 432) e a base impoñible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- **As persoas que non residiran en España no ano 2018** deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta

<sup>2</sup> **Discap. >=33%**, pensión da S.S. (ou equiv. de clases pasivas) de **Incap. Perman.** (total, absoluta ou grande invalidez) **computan por 2**

documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.

- Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

### **MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR**

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

### **NON TERÁ A CONSIDERACIÓN DE MEMBRO COMPUTABLE**

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2018, agás no relativo á violencia de xénero que se aplicará o disposto na lexislación específica.

### **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA**

- **ANEXO I** debidamente cuberto.

- **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:**

- a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:
  - DNI ou NIE
  - Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado de tributación de imputacións no exercicio 2018.
  - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
  - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- b) Cando o solicitante posúe DNI ou NIE:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante careza de DNI ou NIE, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- o Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
  - o Certificado ou volante de convivencia.
  - o Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- c) Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao recollido no libro de familia, carezan del ou, o pai/nai/titor carezan de DNI e NIE achegárase un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- d) Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- e) **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- f) Resolución xudicial de **incapitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.
- g) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- h) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE**.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2018, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

## ALUMNADO CON DISCAPACIDADE $\geq$ 65% QUE NON EMPREGUE LIBROS

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, matriculado 3º, 4º, 5º e 6º de, incluído aquel que participa no proxecto E-DIXGAL, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar con independencia do nivel de renda:

**Discapacidade  $\geq$  65% que non empregue os libros de texto do fondo ou o material E-DIXGAL**

Vale para compra de libros	275€
Vale para material	50€

## ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar, en función do nivel de renda (agás o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia para o que non se terá en conta o nivel de renda):

### Alumnado NEAE

<b>CURSOS</b>	<b>LIBROS</b> Renda $\leq$ 6.000€	<b>LIBROS</b> Renda entre 6.000€ e 10.000€	<b>MATERIAL</b> Renda $\leq$ 6.000€
De 3º EP a 6º EP ou Tutela/garda da Xunta	210€	140€	50€